



CONCELLO DE CHANTADA

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:	Data de celebración:
JGL/2022/17	A Xunta de Goberno Local.-Sesión ordinaria	18 de agosto de 2022

JESUS A. LEDO CORES, SECRETARIO ACCTAL. DESTE ÓRGANO COLEXIADO, decreto 2022-0565 do 14/07/2022.

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada o día sinalado adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“6.-Asuntos varios.-Tratouse dos seguintes:

6.3.-Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remitindo información en relación co plan especial da seca na demarcación que se atopa en situación de seca prolongada, e achegando as medidas que recolle o plan especial, así como información sobre como solicitar autorización de aproveitamento de captación temporal para abastecemento urbano ou explotacións gandeiras. Exte. G149/2017/C16

Deuse conta das medidas de obrigado cumprimento que son as seguintes:

- *Utilización para o estritamente necesario, con prioridade para o uso doméstico.*
- *Restricións e/ou prohibicións de subministracións en usos e destinos non prioritarios tales coma rega de xardíns públicos e privados, zonas verdes deportivas públicas e privadas, baldeo de rúas, láminas de auga, fontes para consumo humano sen dispositivos de peche, lavado con mangueras de vehículos salvo empresas dedicadas á dita actividade.*
- *Redución da presión nocturna nas redes urbanas.*
- *Cortes nocturnos no caso de ser necesario.*
- *Detección e reparación de fugas na rede de abastecemento.*
- *Penalización de consumos excesivos.*
- *Habilitación de infraestruturas sen uso que poidan almacenar auga potable.*
- *Intensificación do control da operatividade de depuradoras e estacións de tratamento de auga potable*
- *Velar polo alto rendemento na depuración e a obrigación de comunicar calquera fallo na planta que poida afectar a calidade da vertedura.*
- *Campañas de concieciación para o aforro de auga.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou:

Primeiro.-Remitir copia da circular informativa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil á empresa adjudicatária do servizo de augas do Concello (Viaqua) para aplicación das disposicións nela contida e que lle atinxan a concesionaria.

Segundo.-Poñer en coñecemento dos servizos municipais afectados as medidas de obrigado cumprimento para os efectos do seu cumprimento.

Terceiro.-No que atinxe á información para solicitar autorización de aproveitamento e captación temporal a que se refire o artigo 77 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, publíquese no taboleiro de anuncios do Concello, páxina web e redes sociais de carácter municipal.”

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización,

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE .

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102